

O GRUPO DE BAILE MARIO ESCUDERO ACTUARÁ NA FESTA DO II PREMIO DE TEXTOS DE CONTRAPORTADA E DO II CERTAME LITERARIO INVENTA UNHA FLOR

A escola Mario Escudero pertence á Asociación Folclórica e Cultural Donas e Galáns, fundada hai xa 30 anos. O seu nome quere ser unha homenaxe a un home que, ata o seu falecemento, traballou incansablemente pola dignificación e espallamento do noso baile tradicional, e soubo transmitir o amor ao folclore a ducias de alumnos. Esa segue a ser a base da escola: ensinar aos máis pequenos non só a executar os diferentes tipos de bailes, senón tamén o que significa canto a parte fundamental da cultura propia.

Na actualidade a escola conta con 22 nenos e nenas que van dende os 3 anos ata os 16.